

CLUB DE MONTAÑISMO "MONTAÑAS DE TREVINCA"

REUNIDOS en Vilanova de Trevinca, 25, A Veiga, o día 12 de febreiro do 2023, os/as socios/as que a continuación se relacionan:

1. Antonio Fernández Pena. **Presidente**
2. Marcos Pérez Rivas. **Secretario**
3. Mónica Rodríguez Fernández. **Tesoureira**
4. Juanjo Lorenzo Veigas. **Vogal de Montaña**
5. Laura María Gonçalves Pires (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
6. María do Carmo Dias da Cunha (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
7. Carla María Botelho Rodrigues (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
8. Javier Pacoret Balsa (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
9. Pulo Alexandre Botelho Rodrigues Pires (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
10. Xosé Martínez Reboredo (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
11. Juan Tojo García (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
12. Francisco Pisón Villapol (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
13. José Alonso Moreira (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)

e unha vez comprobado polo secretario o quórum necesario e totalizando un número de socios/as asistentes de 13, entre presentes e delegados/as, se abre a sesión (en segunda convocatoria) cando son as 20:00 horas, pasándose a desenrolar os seguintes puntos do día enviados con anterioridade na convocatoria desta asemblea:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Como a acta da anterior Asemblea Xeral Ordinaria está publicada no taboleiro da nosa web, non se considera que haxa que lela nesta asemblea, quedando aprobada por unanimidade sen que se fagan achegas.

2. Aprobación se procede da memoria e balance económico do exercicio do pasado ano 2022

A tesoureira informa e comenta o balance de situación de ingresos e gastos do pasado ano 2022. A día 31 de decembro do 2022 o clube ten na súa conta bancaria un total de 3500,82 €, resultando un saldo anual negativo de 288,41 €.

Tamén comenta que o clube conta con 309 € máis a favor, debido ao abono dunha xornada de Montañismo Invernal adiantada a Jose Manuel Pérez Prego, a cal, houbo que anular ata en tres ocasións por falla de neve. A día de hoxe inda non se lle solicitou a devolución por intentar compensala con outra actividade que se puidera realizar.

As contas se reflicten nesta acta para que quede constancia das mesmas.



Vilanova de Trevinca 31 de decembro do 2022

BALANCE DE SITUACIÓN - CONTAS DE INGRESOS E GASTOS - 2022 **CLUB DE MONTAÑISMO "MONTAÑAS DE TREVINCA"**

	INGRESOS (con IVE)	GASTOS (con IVE)	DIFERENZA
Ingresos por cursos e actividades	1.053,00 €	282,00 €	771,00 €
Cotas Socios	2.076,00 €		
Licenzas Federativas	4.355,00 €	4.355,00 €	0,00 €
Seguros Individuais Actividades	138,00 €	138,00 €	0,00 €
Donacións	16,00 €		
Devolución Helvetia Seguros	22,93 €		
Devolución Imposto de Sociedades	223,50 €		
Gastos e Comisións bancarias		202,11 €	
Gastos liq.remesas		48,50 €	
IVE (liq. remesas)		11,04 €	
Imposto de sociedades		111,75 €	
Servizo mantemento de conta		52,00 €	
Seguro RC e de accidentes		809,98 €	
Impresións, cartelería, etc.		65,59 €	
APP Demo		156,80 €	
Real Casa da Moeda		16,94 €	
Xestoría		180,20 €	
Gastos responsables actividades		306,00 €	
Correos		33,90 €	
Desprazamento votacións FGM		59,66 €	
eDixitos		125,42 €	
Restaurante Bibey/Trevinca		120,10 €	
Transporte participantes actividades		528,00 €	
TOTAIS	7.884,43 €	7.602,99 €	281,44 €
DISPONIBLE EN CONTA 01-01-2022			3.219,38 €
DISPONIBLE EN CONTA 31-12-2022			3.500,82 €
CAIXA EFECTIVO 01-01-2022			0,00 €
CAIXA EFECTIVO 30-12-2022			0,00 €
DIFERENZA ANUAL*			-281,44 €

Fdo: Mónica Rodríguez
Tesoureira

As contas son aprobadas por unanimidade.

3. Aprobación se procede, do orzamento do presente ano 2023

A Tesoureira informa da previsións de ingresos e gastos para este ano 2023. Con relación ao importe do imposto de sociedades comenta que se fai unha estimación similar a do ano pasado, sobre 450 €, que hai que adiantar por trimestres. Esta cantidade pode modificarse debido a que non se abre o prazo de presentación do mesmo ata o 1 de xullo. Esta data é posterior a data da celebración desta asemblea.



Club de montañismo Montañas de Trevinca

PREVISIÓN DE INGRESOS Y GASTOS AÑO 2023

Estimación de ingresos:

Cuotas de socios	2.200,00 €
Actividades	1.200,00 €
Tramitación de licencias federativas	5.000,00 €
Seguros individuales por actividades	140,00 €
Total	8.540,00 €

Estimación de gastos

Tramitación de licencias federativas	5.000,00 €
Pagos responsables de las actividades	1.500,00 €
Seguros de RC	- €
Gastos corrientes oficina/fotocopias/etc	150,00 €
Gestoría	265,00 €
Impuestos	200,00 €
Impuestos Sociedades*	450,00 €
Comisiones bancarias	320,00 €
Quilometrajes	400,00 €
Dominios, web, etc	150,00 €
Programa de administración	500,00 €
Clausura actividades	300,00 €
Total	9.235,00 €

*Adelanto del Impuesto de Sociedades

En Vilanova a 2 de enero de 2023

Asdo: Mónica Rodríguez
Tesorera

Neste punto se comenta que este ano se manterá a cota anual en 15 € tal como se lle indicou aos socios e socias nun correo. O ano que ven subirase a cota para asumir as alzas nos costes que se lle repercuten ó club. Tamén se fala de crear para o ano que ven unha cota infantil.

Este orzamento se aproba polos presentes por unanimidade.

4. Memoria das actividades do pasado ano 2022

O presidente informa sobre as actividades realizadas no pasado ano 2022, presentando o documento de memoria de actividades.

O presidente informa tamén sobre o número de participantes nas actividades do 2022, aclarando que se houbo un descenso de participantes foi debido a que todas as actividades invernaís houbo que suspendelas por falla de neve.

Esta opinión é compartida polos asistentes.

5. Programa de actividades do ano en curso

Os presentes acordan facer un calendario para estes próximos seis meses, a partir de agosto se reunirá a Xunta Directiva para realizar o calendario ata final de ano.

Se acordan as actividades a realizar e as datas nos meses de febreiro, marzo, abril, maio, xuño e xullo, podendo realizarse algún cambio por motivos meteorolóxicos, ademais de incluír algunha actividade máis que puidese ser interesante.

O Secretario propón repensar a actividade da Marcha Nocturna debido a que cada ano parece que descende o número de peticións de participación. Apuntando que un dos motivos pode ser a dureza da mesma. Todos os presentes indican que o motivo deste descenso pode ser moi variable e por moitas circunstancias, pero que non se debe modificar esta actividade tal cal estaba sendo realizada ata agora. O Presidente e o Vogal de Montaña indican que para eles non supón ningún problema realizala.

Acórdase por unanimidade este calendario.

Este calendario se subirá a web en canto sexa posible.

6. Comunicación do listado de socias/os, altas e baixas

O Secretario da conta do actual listado de socios e socias do club, que neste momento conta cun total de 140 membros, comentando tamén as altas e baixas rexistradas ata o día de hoxe. Neste número de socios/as están contabilizados os dous socios aos cales se lles deu de alta gratuíta por catro anos, Araceli e Diego.

Neste cómputo total de asociados/as hai un ao que se lle enviou un correo electrónico para que confirme se continúa esta anualidade 2023, pero inda non temos resposta.

Se acepta por unanimidade o listado actual de socios e socias comunicado polo Secretario.

7. Rogos e preguntas

O Presidente comenta a información recibida da FGM con relación a modificación de estatutos de dita entidade. Os presentes debaten sobre o cambio solicitado pola Presidenta, comentando que hai puntos que non debemos apoiar, como a representación de voto de varios assembleístas nun só. Se deixará ao representante do Club na Asemblea (O Presidente - Cholo) que decida sobre no resto de puntos dado que é alí onde se vai expoñer toda a información.

Mónica, comenta se é posible realizar algunha alegación as modificacións, pero debido a que queda pouco tempo non o vemos viable nin ninguén se fai responsable desa tarefa.

O presidente (Cholo) indica que debido ao aforro do Seguro de RC, sería axeitado empregar ese excedente en material para o club. Aos presentes parécelles ben, inda que non se poda aprobar este acordo porque non estaba incluído na orde do día. Se aprobará en Xunta Directiva.

En caso de ser aprobado este gasto modificaría o orzamento presentado nesta asemblea, pero se acorda que esta partida non sume máis gastos, se non que se cambiarán as partidas de compra de programa (500 €) e clausura de actividades (300 €).

Neste punto, O Secretario (Marcos) pregunta aos presentes se sería axeitado facer unha actividade fora das Montañas de Trevinca, Macizo Central, Picos, etc... se debate sobre este tema e a conveniencia ou non de facela.

Cholo comenta que ata agora non se fixo ningunha actividade fora porque nos dedicamos ao macizo de Trevinca, ademais de ser complicada a organización debido a que teríamos que desprazarnos e aloxarnos durante un par de noites fora da casa, inda que podería pensarse. Juanjo e Mónica comentan tamén que poderíase falar, pero non chegamos a ningunha conclusión concreta.

Mónica propón facer unhas xornadas ou curso de resolución de problemas derivados de levar grupos, malas conductas por parte dos participantes, accidentes ou solución de imprevistos varios. Dentro destas xornadas se poderían estudar protocolos de actuación en caso de accidente, estrés, acompañamentos, conflitos entre participantes, etc. Ademais propón que Cholo sexa o que imparta estas xornadas.

Cholo comenta que é unha actividade complexa pero moi interesante, que podería falar con Jose Manuel Pérez a ver que opina do tema e impartila entre os dous. Queda da man de Cholo facer esta xestión e ver se é factible facela.

Non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión cando son as 22:45 horas. O Sr. Presidente firma comigo esta acta, o Secretario, que dou fe.

Secretario

V° B° Presidente

Marcos Pérez Rivas

Antonio Fernández Pena

En Vilanova de Trevinca, a 12 de febreiro do 2023.